

## OURENSANÍA 2017

Moi bos días a todos, muy buen día, queridas amigas e amigos.

Benvidos a este Teatro Principal que hoxe acolle a entrega deste Premio Ourensanía 2017.

Acabamos de ver un vídeo que remitiu Uli Stielike, lexendario xogador alemán (a quen tiven a honra de ver debutar coa elástica do Real Madrid en 1977 no homenaxe a Manolo Velázquez, a primeira vez que –con dez anos- entrei no Bernabeu). Agora adestra un equipo da Súper Liga China , o Tianjin Teda, que, por certo, visten camiseta coa cor azul da bandeira de Ourense... Unha conexión con Uli Stielike que nace precisamente en Esgos, un concello da Ourensanía, onde xa estivo e onde conta cunha familia amiga. Xa ven: de Esgos a China. Esa é a Ourensanía.

Presidente da Xunta de Galicia,

Compañeiros do Xurado,

Querido Miguel Angel e familia,

Autoridades e representacións,

Amigo Emilio Butragueño, Director de Relaciones Institucionales del Real Madrid Club de Fútbol,

Presidente, Representantes da Peña Madridista “Miguel Ángel”, e doutras peñas do resto de España.

Veciñas e veciños de Ourense, presentes neste Teatro e a todos aqueles que nos siguen a través da retransmisión desta gala por Telemiño,

Permítanme un saludo especial a los compañeros de profesión que hoy se han desplazado hasta aquí para acompañar a Miguel Ángel: Agustín Rodríguez Santiago, Francisco Carrasco, Juan Señor...

Benvidos, bienvenidos, a este acto cargado de emotividade e simbolismo.

Como todos vostedes saben, o Premio Ourensanía está destinado a enaltecer a persoas, colectivos e institucións que, ó longo dunha traxectoria considerable, teñan destacado, polo seu labor e plena dedicación, en calquera dos campos da actividade humana.

A ourensanía, como sentimento integrador da galegidade, non ten fronteiras, existe e latexa aquí, no territorio da provincia de Ourense, no resto de Galicia, en España, en Europa, e Iberoamérica e en calquera outra parte do mundo onde haxa un home ou unha muller que se recoñezan como ourensás, que respondan á chamada desta terra, do que nos caracteriza e distingue, mesmo sen ter nacido en Ourense.

A Ourensanía dun territorio que distinguiu ao longo destes anos con este premio a relevantes ourensáns como o Xuíz Vázquez Taín, o Arcebispo Rodríguez Carballo, a xornalista Victoria Prego, a empresaria Mari Luz Barreiros e o cineasta José Sousa. Todos con orixe vital nesta provincia e que exerceron de ourensáns, orgullosos do seu berce, acreditando traballo, creatividade e valentía para desenvolveselos a moitos quilómetros deste quilómetro cero que é Ourense. Exemplos de triunfo e de compromiso coa terra.

É a primeira vez que recibe esta distinción un ourensán vencellado ao mundo do deporte. Ese deporte que une conceptos tan necesarios como sacrificio, mellora, equipo, preparación física..., e para o que Ourense reúne boas condicións con exemplos de deportistas de sona, pero tamén entendendo Ourense como escenario ideal para a práctica deportiva. Esta provincia na que se pode esquiar na estación de montaña de referencia de Galicia e do Norte de Portugal, e aí está a Deputación: en Manzaneda (onde por certo preparou o Real Madrid varias tempadas. Prepararse en Manzaneda é sinónimo de gañar a Liga).

Esta provincia na que poden adestrar e preparar campionatos internacionais, mundiais e olimpíadas, as mellores seleccións nacionais do mundo do remo, e tamén está aí a Deputación co Plan Termal Provincial. A provincia protagonista de La Vuelta a España na súa edición 71 "Ourense Termal-Madrid", con saída do noso territorio e presenza en catro das súas etapas.

A provincia das andainas e das carreiras populares como a San Martiño, das Copas Deputación en case todas as modalidades deportivas, do fútbol de CD Ourense no Couto, do basket do COB no Paco Paz, a provincia de Ismael Santos (escolta do Real Madrid, internacional, con carreira en Italia e Grecia) e de Arturo Seara (base do FC Barcelona), do hockey en división de honra, dos mellores tempos do fútbol sala –actuais co triunfo do Ourense na Copa de España feminina-, de Raul Rey correndo o Tour de Francia, das olímpicas en Los Angeles 1984 e en Sidney 2000... O Ourense actual de Pablo Rodríguez Guede na elite mundial na BTT ou do campiónísimo Iván Salgado en xadrez. Centos de motivos para sentirmos orgullo de Ourense.

Pero hoxe, sen dúbida, estamos a falar dun deporte determinado: o fútbol, o chamado deporte Rei. E non me equivoco si digo que este homenaxe non é só a Miguel Ángel. Hoxe tamén lembramos aos que chegaron á elite como Mirlo (recentemente falecido), Rodolfo Dapena, Antonio Fraguas ou Borja Fernández –tamén había un ourensán no "Madrid dos galácticos- actualmente no Real Valladolid despois de ser nomeado na pasada temporada o mellor xogador da Liga Hindú... velaí de novo a Ourensanía. E non quero esquecerme daqueles ourensáns que chegaron á elite da arbitrase como Jorge Gómez Barril ou Bernardino González Vázquez.

Tamén é un homenaxe aos que non chegamos, aos milleiros e milleiros de ourensáns que temos xogado, adestrando, sufrido, alegrado, dándolle patadas a un balón, iso si, sempre

con sentidiño. Un homenaxe aos que hoxe estades aquí no Principal e que non sabemos o que é xogar en primeira ou ser internacional. Sabemos que debe ser o máis grande pero non o experimentamos. Por iso cobra máis valor para todos nós a fazaña deportiva persoal que representa a carreira de Miguel Ángel.

Este Ourense do estadio do Couto onde Johan Cruyff xoga o seu primeiro partido en España coa camiseta blaugrana fora do Nou Camp o 20 de outubro de 1973, gañando o Barça 1-3 ao Ourense. Cruyff xoga os 90 minutos e anota dous goles.

O dorsal 14 de Holanda, ese número 14 co que o noso convidado Emilio Butragueño debutou en Cádiz co Real Madrid en febreiro de 1984; saíu na segunda parte, o Madrid perdía 2-0, acabou gañando 2-3 con dous goles do Buitre, capitán Miguel Ángel. Un Butragueño que tamén sabe o que é marcar no estadio do Couto, nun encontro da pretemporada 1983-1984 en que o Castilla que dirixía Amancio Amaro empatou 1-1 co CD. Ourense. Ese Castilla histórico onde tamén había un ourensán, de Maceda, José Benito Blanco Vila, titular daquela quinta, presente tamén nas visitas que o Real Madrid xuvenil facía na división de honra ao Atlético Ourense ao campo dos Remedios, onde tantos intentábase imitar aos máis grandes.

Este Ourense do estadio do Couto onde asistín ao primeiro partido do Real Madrid da miña vida, na eliminatoria de Copa 1974-1975, o 1 de xuño de 1975, con Miguel Angel de porteiro madridista.

Este Ourense do estadio do Couto onde hai poucos meses, o seis de maio, o Real Madrid xuvenil de Guti gañou a Copa de Campións fronte ao Málaga.

Este Ourense do estadio do Couto, sede dos partidos do inesquecible Clube Deportivo Ourense, desaparecido tras gañar a competición nacional da Copa Federación en 2014 no noso campo.

Ese Clube Deportivo Ourense da temporada 1967-1968 que estableceu un récord inigualable: 30 partidos, 30 victorias, 98 goles a favor e 7 en contra. O Delegado Nacional de Deportes, daquela Juan Antonio Samaranch (o máis tarde Presidente do Comité Olímpico Internacional) concedeulle ao Clube a Placa ao mérito deportivo na súa categoría de prata.

Este Ourense de Benito Villamarín, nacido en Puga (Toén) en 1917, alma do Real Betis – presidente do clube entre 1955 e 1965- e que deu nome ao seu estadio. Este Ourense de Luís Cid Pérez “Carriega”, futbolista e adestrador na élite en clubs como o Sporting de Gijón, o Zaragoza, o Sevilla, Betis, Atlético de Madrid e Celta.

Este Ourense de Miguel Ángel González Suárez.

Chegados a este punto é cando temos que identificar DEPORTE OURENSÁN con MIGUEL ANGEL, o veciño con maior proxección e traxectoria neste mundo tan competitivo.

Miguel Ángel exerce de Ourensán, non esquece as súas orixes e as predicou e predica sempre con orgullo. Un home agradecido coa súa terra e coa súa xente como cando lembra o decisivo que foi na súa carreira Luis Soria, o adestrador que, buscando un porteiro, foi a ver adestrar aos de baloncesto non para ver quen encestaba mellor senón quen recollía a pelota, rexeitada ou tras pasarlle un compañeiro, con maior seguridade e precisión. E Luís acertou. E Miguel aproveitou a oportunidade.

Esa nobreza e grandeza, esa sinxeleza de Miguel Angel, acompañárono durante a súa carreira no Real Madrid, deixando patente a súa clase persoal e deportiva nos mellores campos de fútbol do mundo.

O día 30 deste mes de novembro cúmprese corenta anos do encontro de fútbol coñecido como “a batalla de Belgrado”, decisivo para que España se clasificara para o Mundial de Argentina de 1978. Obxectivo conseguido. O partido do gol de Rubén Cano e do botellazo a Juanito –un Juanito que onte tería cumprido 63 anos-. O partido no que un ourensán, Miguel Ángel, deixase a cero a nosa portería.

Ese Miguel Ángel titular en Arxentina 78, o Mundial do paradón do ourensán ante Austria a tiro de Wilhelm Kreuz, o mediocampista do Feyenoord. O gardameta internacional Santiago Cañizares recoñeceu que foi porteiro grazas á parada de Miguel Angel.

Ese Mundial de Arxentina 78 onde o Brasil de Zico, Rivelinho e Toninho Cerezo foi incapaz de gañar á España de Miguel Ángel, victoriosa se Cardeñosa houbera materializado a súa histórica oportunidade.

Miguel Ángel membro da selección española tamén no Mundial 82, gañador de ligas e copas, bicampión da UEFA.

Miguel Ángel, CAPITÁN do Real Madrid, o quinto que máis tempo (7 tempadas)exerceu ese papel dos 24 capitáns que tivo o Real Madrid nos seus 115 anos de Historia.

O noso Miguel Ángel, co récord de dezaioito tempadas no Real Madrid, as mesmas que Francisco Gento, presidente de honor do Clube

Este home nacido en Noiteboa, apodado el Gato polas súas especiais cualidades como gardameta. Ese Gato que tamén é o símbolo da banda de rock nacional de máis éxito: Los Suaves, a quen entregamos hai poucas semanas a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense. Todo encaixa. Gato por gato. Graciñas por vir, Yosi.

Miguel Ángel, precursor da galeguización, segundo Xosé González Martínez (que hoxe nos acompaña) quen deseñou nos anos oitenta unha campaña publicitaria denominada “sinte Galicia, fala o teu idioma”. Contactara daquela con trece persoas familiares para o común da xente para pedirlle a súa colaboración: unha frase a prol da lingua galega coa súa sinatura caligráfica. Unha nómina na que estaban, entre outros, Fernando Rey, Camilo José

Cela, José María Calviño, Adolfo Domínguez, Rosalía Dans, Álvaro Pino e o noso Miguel Ángel.

Conta Xosé González que Miguel Ángel remitíu a frase máis longa de todas para incluíla no cartaz xunto a súa fotografía. Era esta, plenamente vixente hoxe en día: “Falar galego non significa o abafallo para as demais linguas; senón que a lingua galega é parte dunha cultura e dun modo de expresión do noso pobo. Fala Galego! Eu tamén o falo!”

Así é o Premio Ourensanía 2017. Un xigante como deportista. Pero aínda máis grande como persoa. Sempre disposto a colaborar en causas xustas. Como o whassapp que recibín o luns 16 de outubro ás 8 da mañá en plena crise incendiaria en Galicia: *“Querido amigo José Manuel, ¿se puede ayudar de alguna manera en este drama de los incendios que está calcinando nuestra tierra? ¿Se necesitan voluntarios? Cuéntame qué posibilidades hay de ayudar. Un fuerte abrazo. Cuenta conmigo para lo que se pueda hacer”*.

Velaí tedes a altura persoal de Miguel Ángel, o seu compromiso coa nosa terra e coa nosa lingua. Quere a Ourense e Ourense o quere a el.

Parabéns Miguel Ángel e todo o noso cariño e consideración para ti, extensivo a toda a túa familia.

Teño a oportunidade hoxe de anunciar que decidín que as Copas Deputación de fútbol a partir da próxima temporada leven a denominación de “Copa Deputación Miguel Angel”, para que a túa pegada sexa aínda máis forte nas novas e vindeiras xeracións de ourensáns. Ese é o meu compromiso.

Tamén que conversarei coa Peña Madridista “Miguel Angel” para que todos os recordos da túa carreira, todos eses tesouros futbolísticos, sexan musealizados para o goce dos ourensáns e de quen nos visite. Para un Miguel Angel eterno.

Queridas amigas e amigos. A Ourensanía sigue. Co deporte de Ourense porque a Ourensanía corre, a Ourensanía adestra, a Ourensanía salta, a Ourensanía gaña.

E non quixera acabar esta intervención sen referirme a aqueles ourensáns xa falecidos que tamén homenaxeamos dende o Xurado. Este 2017 dedicámolo a Rodolfo Prada Chamochín, nacido nos Peares, persoa capital na Galicia da emigración, axitador cultural e político, valedor de Castelao.

2018 será o ano que dediquemos a Xosé Ramón Fernández- Oxea “Ben-Cho-Sey”, escritor, mestre e investigador, humorista e literato, coñecido pola maior colleita feita sobre o barallete, a fala dos afiadores. A súa xenialidade ponse de manifesto no seu epitafio no cemiterio de San Francisco:

“Quedan suprimidas tódalas homenaxes *post mortem* porque as cousas ou se fan ao seu tempo ou non se fan.”

Creo que só un movemento tan forte como a Ourensanía pode saltarse esta última vontade e facerlle a Ben-Cho-Sey todas as homenaxes *post mortem* que merece. O ano 2018 será testemuña.

Amigas e amigos Ourense é Cultura. Como a que pon de manifesto realidades como a Fundación Carlos Velo ou a Fundación Eduardo Blanco Amor, apoiadas e promovidas dende o goberno provincial que presido. Cultura como os cen anos que cumprirá en 2020 a Revista Nós, auténtico referente identitario non só de Ourense senón de Galicia, e aí estará a Deputación para celebralo como se merece.

Un Ourense protagonista no que creemos, no que creo. O Ourense do recentemente canonizado Faustino Míguez. O Ourense capital do Reino Suevo de Galicia, o primeiro Estado de Europa. Do que falei dende este mesmo abril hai un ano exacto para anunciar a exposición máis potente que se lembre sobre esa etapa histórica: “In tempore sueborum”... E como a Ourensanía son realidades, realidade será esa exposición...quedades todos convidados á inauguración o próximo catorce de decembro.

Amigas e amigos, sempre paga a pena todo o que se faga por Ourense.

Miguel Ángel o fixo e o fai. Un exemplo do mellor Ourense

Sigamos ese exemplo. Todo por Ourense.

Viva a Ourensanía! Viva Ourense!